



Bibliotecas Públicas
Municipais

Premio Nacional María Moliner 2011

Só para ti



GUÍA DE LECTURA

***“Non hai espectáculo máis fermoso
que a mirada dun neno que le”.***

Günter Grass

Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais do Concello de Oleiros:

- * Biblioteca Central Rialeda. Perillo
- * Biblioteca Pública Municipal e Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro. Santa Cruz
- * Biblioteca Pública Municipal M^a José Trincado. Mera
- * Biblioteca Pública Municipal M^a José Ruso. Dorneda
- * Biblioteca Pública Municipal Manuel María. Oleiros
- * Biblioteca Pública Municipal Ánxel Fole. Nós
- * Biblioteca Pública Municipal Federico García Lorca. Montrove
- * Biblioteca Pública Municipal Xograr Mendiño. Lorbé

Catálogo do fondo bibliográfico:

<http://bmpg.rbgalicia.org/oleiros>

Visita o noso blog: **<http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>**

Síguenos en **twitter @ bibloleiros**

Páxina web municipal: **www.oleiros.org**

Biblioteca Central Rialeda

Avda. Rosalía de Castro, 227A

15172 Perillo - Oleiros

Tel.: **981 639 511**

Fax: 981 639 996

Correo electrónico: **biblioteca.rialeda@oleiros.org**

Depósito Legal: C 1103-2015

Desde as bibliotecas municipais de Oleiros ofrecemos esta guía de lectura cunha selección de títulos para divertir e emocionar, reflexionar e aprender, mirar e observar, ver e escoitar. A escolha foi realizada por distintas persoas, polo que nela figuran publicacións moi diversas.

Nesta época en que hai máis tempo libre desexamos compartir libros, películas e discos que nos agradaron. Trátase dunha escolma de obras para diferentes idades, distintos gustos, intereses e preferencias, que hai nas bibliotecas municipais e que poden levar en préstamo para as súas casas. Animamos a que as visiten, utilicen o servizo de préstamo e gocen coa lectura.

A clasificación que figura é:

INFANTIL E XUVENIL

- Libros para nenas e nenos **menores de 6 anos**
- Libros para nenas e nenos **de 6 a 8 anos**
- Libros para nenas e nenos **de 8 a 10 anos**
- Libros para nenas e nenos **de 10 a 12 anos**
- Libros para **adolescentes a partir de 12 anos**
- Novela xuvenil
- Libros infantís e xuvenís de coñecementos
- DVD infantil e xuvenil
- Banda deseñada infantil e xuvenil
- Álbum ilustrado para compartir

MOZAS/OS E ADULTAS/OS

- Obras literarias
- Banda deseñada
- Libros de coñecementos
- DVD
- CD

Desexamos que todas as persoas poidan atopar algún libro que lles guste ou que lles apeteza lelo.

Infantil e Xuvenil

LIBROS PARA NENAS E NENOS MENORES DE 6 ANOS

O arco da vella

Charo Pita, ilustrado por **Xosé Tomás**. Xerais.

A vella Maruxa tiña un amor viaxeiro. Cando soubo que o seu amor marchaba, comezou a tecer para el un abrigo con sete fíos de la. O día da partida entregoulle ao seu amor o abrigo e viu como partía deixándolle nos labios un bico e na man un anel de prata. Unha noite, o anel desapareceu. Poderá a vella Maruxa recuperar o anel perdido guindando ao ceo sete fíos de la?. O arco da vella é un álbum cheo de intriga que narra como se procuran os fíos do amor e da beleza.



Caramba

Marie-Louise Gay. Lata de sal.

Caramba non sabía voar. A súa amiga Portia tampouco, pero ela era unha porca e as porcas non voan. Caramba non desexaba outra cousa na vida: quería voar coma os seus curmáns e amigos. Como todos os gatos... e no seu afán de ser coma os demais, vai descubrir a súa verdadeira habilidade.



A cociñeira do rei

Soledad Felloza. Ilustracións de **Sandra de la Prada**. OQO.

Mencía elabora un menú que vai dereito ao corazón do rei e parte do segredo está no aderezo: ilusión, alegría e agarimo. Cunhas ilustracións cheas de frescura e cor.



Diez ardillas

Mar Benegas e Laurence Jammes. Combel.

É un libro para cantar, contar, mirar e xogar cos máis pequenos. Pensado para os que aínda non aprenderon a ler.



Erik o constructor de soños

Kike Gómez. Ilustracións de **Dani Padrón.** Bululú.
Erik é un personaxe doce, que constrúe os nosos mellores soños. O encanto desta historia está reforzado pola caracterización dos personaxes e a calidez das ilustracións.



Na granxa

Maxine Davenport e Cindy Roberts. Engaiolarte.
Un libro despregable para prelectores con palabras para recoñecer e familiarizalos con diversos animais.



Soy pequeñito

Juan Arjona e Emilio Urberuaga. Buen paso.
Un libro que se le como un poema e no que o diminuto protagonista ten unha visión moi particular das cousas do seu entorno.



LIBROS PARA NENAS E NENOS DE 6 A 8 ANOS

Amizades secretas

Agustín Fernández Paz, ilustracións de **Marta Altés**. Rodeira.

Ollos grandes é unha ratiña pequena e curiosa. Ela e a súa familia viven nun niño situado entre dúas vivendas dunha casa da cidade vella. Unha delas está habitada, pero a outra está baleira, polo que a ratiña atreveuse a explorala soa, ata que un día vai vivir alí unha familia que ten unha nena chamada Beatriz que logo se dá conta de que hai ratos no piso... Fervoso conto que nos fala da difícil amizade entre unha nena e unha ratiña.



Augusta e os seus medos

Sabela Fernández Trelles, ilustracións de **Alicia Suárez**. Xerais.

Augusta é unha nena que desexa facer moitas cousas, mais como é moi medrosa non se atreve con ningunha. O seu avó dille que está chea de soños, pero que non vai poder realizar ningún. Un día, cansa de sentirse así, pídelle axuda aos seus pais. A partir dese momento, terá que pasar diferentes probas para decatarse de que a única forma de superar os seus medos é enfrontándose a eles. Suxestivo relato que mostra como unha persoa pode superar os medos se solicita axuda.



As aventuras da mazá vermella

Jan Lööf. Kalandraka.

Un home de traxe de raias paseando polo seu barrio, entra nunha froitaría porque lle apetece unha mazá. O froiteiro pensa que o señor é fácil de enganar e dálle unha de plástico verde dicíndolle que necesita estar un tempo ao sol para que madure... A partir de aquí unha serie de circunstancias e o ritmo trepidante da narración, sorprendéronos a cada momento, ata poñer a cada un no sitio que lle corresponde.



Bienvenido a la familia

Mary Hoffman. Ilustracións de **Ros Asquit**. Juventud.

Trátase a diversidade familiar dunha maneira



rigorosa e con humor. Ofrecendo informacións sobre as variedades que existen hoxe en día.

La danza del tiempo

Irene Aparici e Enrique Quevedo. Cuento de Luz. Fermosa obra que, mesturando ficción e realidade, achega o coñecemento do sistema solar e a mitoloxía aos máis pequenos. Compara o sistema solar cunha compañía de danza, na que a directora é dona sol, e explica como os oito planetas dan voltas ao seu redor, nun baile harmonioso e delicado. Ao mesmo tempo, para explicar a orixe do nome dos distintos planetas relaciónaos coa mitoloxía.



Martín y la primera nevada

Sebastian Meschenmoser. Fondo de Cultura Económica.

O inverno está chegando e os animais prepáranse para o seu letargo, pero non queren durmir ata coñecer a neve. As ilustracións e o conto van á vez; ao principio é un esbozo e a medida que avanza a historia os debuxos, a lapis con algunhas pinceladas de cor, perfeccionanse.



Max el Valiente

Ed Vere. Juventud.

Max o valente, Max o intrépido, Max o que caza ratos...

Pero para ser un cazador de ratos, Max necesita descubrir que aspecto ten un rato...



O peixe vermello

Taeun Yoo. Kalandraka.

Unha biblioteca no medio dun bosque é o espazo máxico dunha aventura que viaxa do mundo real ao imaxinario, da realidade aos sonhos...



Raro

Marcos Calveiro. Ilustracións de **Ana Pez.** Luis Vives.

Tomás non sae nunca á rúa. Só algunhas veces se atreve a mirar desde a fiestra a vida activa do seu barrio. Un deses días advirte que chegaron novos veciños será isto un aliciente para que mude os seus costumes?



LIBROS PARA NENAS E NENOS DE 8 A 10 ANOS

Blancanieves

Jacob e Wilhelm Grimm. Ilustracións de **Iban Barrenetxea.** Nórdica.

Este conto clásico recollido polos Grimm hai máis de douscentos anos e reinterpretado unha e mil veces, merecía esta versión: a tradución de Isabel Hernández permanece fiel á orixinal, sen "edulcoracións" e as ilustracións de Barrenetxea enriquecen de forma extraordinaria este texto excepcional.



Carnavalito

Ana María Matute. Ilustracións de **Albert Asensio.** Destino.

Bongo é un neno adoptado por un ferreiro que o coida con agarimo e lle procura o que necesita. A guerra destrúe o pouco que teñen e deixa só a Bongo. De súpeto aparece Carnavalito para salvalo e fuxir de alí, infundido esperanza nos corazóns das persoas que escoitan a música da súa harmónica.



O estrambótico Prncipiño

Pinto & Chinto. Bululú.

Fermosas ilustracións da "relectura" do tan querido e coñecido Prncipiño de Antoine de Saint-Exupéry. Con este libro podes viaxar a planetas descoñecidos e misteriosos lugares da man dun rei que foi o príncipe daquel afastado astro dos volcáns, o raposo, a rosa...



O segredo da Illa Negra

Agustín Fernández Paz. Ilustracións de **Miguelanxo Prado.** Xerais.

Así comeza este novo relato de Fernández Paz: "Nun lugar da costa onde os altos cantís se abaixan para rodear unha breve enseada, atópase Arán, unha aldeña de mariñeiros". Trátase dun emocionante relato de aventuras protagonizado por Sara, unha nena moi audaz que ten que salvar o seu irmán que cae preso da cruel Serea. Tres buguinas máxicas van axudar a Sara a liberar a Uriel da Illa Negra, onde o seu irmán botara as redes para acadar algo de peixe...



Viaxe a Dragonia

Xan López Domínguez. Rodeira.

A historia da desaparición, no laboratorio do mago Eudoxio, dun libro terrible e misterioso, cheo de conxuros e encantamentos que permite transformar calquera obxecto nun dragón.



LIBROS PARA NENAS E NENOS DE 10 A 12 ANOS

Charlie y la fábrica de chocolate: un libro pop-up
Roald Dahl. Ilustracións de **Quentin Blake.** Combel.

En 2014 cumpríronse os cincuenta anos máis doces da publicación da primeira edición de "**Charlie e a fábrica de chocolate**". A divertida historia de Charlie Bucket, os cinco billetes dourados, o extraordinario Willy Wonka, agora nesta extraordinaria edición con despregables!



O meu pesadelo favorito

María Solar. Ilustracións de **María Lires.** Galaxia. Hai moito humor nesta obra, Premio Lazarillo de creación literaria 2014. Tamén o mundo dos soños está presente no novo libro de María Solar. Personaxes da ficción científica, outros máis aventureiros, tamén os que viven o día ao día e ata unha repartidora de bicos, por que non? E todo comeza cun neno que nun proceso febril non para de ter soños do máis fantástico.



El otro Félix

Keir Graff. Ilustracións de **Votric.** Noguer. Poderíamos dicir aquilo de se che gustou "**Onde viven os monstros**" gustarache este título. Relato que mira cara ao interior, que fala dos medos de cada quen e a súa superación. Cada un ten as fortalezas que lle fan ver a luz ao final do túnel.



Sopa de marsopa

Isabel Freire, ilustracións de **Jon Puga.** Xerais. Nunha pequena vila onde é comisario de policía Roncudo Lor, desaparece do zoo a marsopa Anciñas, un simpático cetáceo que fai as delicias de todos. Cando xa a policía está a piques de tirar a toalla porque non ten pista ningunha, aparece o detective Bons, Bilbo Bons que se pon a investigar...



O veleno da risa: un misterio para Tintimán en Lugo

Jaureguizar, ilustracións de **Matalobos**. Xerais.
Cuarta entrega da serie do xornalista e detective Tintimán. Despois de Santiago, A Coruña e Vigo, tócalle aclarar misterios e desenmascarar malvados na cidade de Lugo. Intriga, asasinatos e romances nesta nova aventura sempre acompañado, claro está, do seu gato, o señor Grozni.



Volvo! O regreso de Usha

María Reimóndez, ilustracións de **Iván Sende**. Xerais.

O segundo libro que presenta as aventuras de Usha, unha nena que vive en Devastana, unha aldea da India. Ela chámase Uxía, pero as súas amigas chámanlle Usha. É galega e está na India debido a que acompaña a súa nai, unha médica membro dunha ONG. Acabou o verán e comezan novamente as clases, vai realizar o último curso de primaria. Desde o principio bota en falla a un amigo, Deepak, que marchara de vacacións ao norte do país, a Delhi, e que non veu ao comezo das clases. Pasan os días e non aparece, por outra parte Lakshmi deixa de ir á escola...



Zepelín

Tormod Haugen, ilustracións de **Ignasi Blanch**. Oxford.

Os silencios longos e penosos entre Nina e os seus pais vanse ver ocupados, ao igual que a casa de veraneo, por alguén que rolda a zona pero que non son quen de atopar. Nina descobre o culpable e protéxeo, é Zepelín, un neno que escapou da súa casa.



LIBROS PARA ADOLESCENTES A PARTIR DE 12 ANOS

Big game: (caza mayor)

Dan Smith. Tradución de **Celia Filipetto.** Bambú. *Xiros inesperados e emoción sen descanso nunha novela protagonizada por un mozo que tiña que enfrontarse a unha proba de "madurez". Termina sendo moito máis, unha aventura trepidante cun líder mundial no punto de mira. Xa ten versión cinematográfica protagoniza entre outros, por Samuel L. Jackson.*



Conta as estrelas

Lois Lowry. Planeta & Oxford.

Unha familia que axuda a outra a escapar da persecución nazi. Unha historia de valentía e solidariedade, de relacións humanas ao límite que poñen a proba as persoas amosando todas as esquinas do ser humano. A esperanza é posible.



La joven durmiente y el huso

Neil Gaiman. Ilustracións de **Chris Riddell.** Salamandra.

As princesas xa non teñen que ser rescatadas por un príncipe para seren felices: Gaiman utiliza o seu estilo xenuíno e fai xirar os relatos clásicos, os contos infantís para crear unha historia máxica sorprendente. Magníficas ilustracións para este relato de apenas 70 páxinas.



No es invisible

Marcus Sedgwick. Bambú.

A moza Laureth e o seu irmán pequeno deciden marchar na busca do seu pai desaparecido. Laureth é cega: deberá afinar os seus sentidos e sortear mil perigos se quere atopar o seu pai. Vibrante novela de aventuras con suspense e xogo de coincidencias que te atraparán.



Rebelión en Verne

Marisol Ortiz de Zárate. Bambú.

Novela de espírito verniano na que dous personaxes de "Dous anos de vacacións" deciden saír do libro e viaxar por outras obras de Verne animando a outros personaxes a que se sumen a eles nunha



especie de rebelión e forzar ao autor a que conclúa a obra que deixou inacabada. Constitúe un auténtico paseo polas obras de Verne no 150 aniversario da publicación, en 2015, de "Da Terra á Lúa".

Robinson Crusoe

Daniel Defoe, versión de **Ramón García Toga**. Almadraba.

A historia do home que naufragou nunha illa deserta e pasou nela máis de vinte e cinco anos. Unha das máis coñecidas novelas de aventuras da literatura universal nesta versión adaptada por profesores e escritores de prestixio. Para gozar dunha obra que pertence á cultura literaria de milleiros/as de lectores/as en todo o mundo.



NOVELA XUVENIL

Ámote Leo A.: estación de tránsito

Rosa Aneiros. Xerais.

Leo é unha rapaza que remata os seus estudos e cuns poucos cartos decide facer unha viaxe polo mundo durante seis meses. Nesta segunda entrega da triloxía "Ámote Leo A.", a protagonista ten que superar dificultades, enfrontarse co descoñecido, tan fascinante como imprevisto. O personaxe medra coa narración que a cada volta faise máis intensa.



O elefante branco

Xesús Fraga. Tambre.

Prometía ser un verán como os demais, pero nada máis lonxe da realidade. Para o protagonista desta novela serán algúns dos meses máis intensos da súa vida. Vai coñecer historias da familia e cousas da vida que o farán madurar.



El mar

Patricia García-Rojo. SM.

Esta novela, Premio Gran Angular 2015, conta a historia dun neno que vive nos tellados dunha cidade somerxida despois dun maremoto. Vainos amosar que as cousas sinxelas, cotiás son as que a maioría das veces nos proporcionan a felicidade.



A neve interminable

Agustín Fernández Paz. Xerais.

Unha magnífica novela xuvenil na que o misterio é a temática principal.

Un equipo de guionistas recibe a encarga de escribir os guións dunha serie de televisión. Para realizar mellor o traballo, acordan recluírse nun hostel solitario da Fonsagrada. Ao terceiro día de estar alí, comeza a nevar. Unha nevarada que semella non rematar nunca, que interrompe as comunicacións e a electricidade, e que os deixa illados do mundo. Pouco a pouco irán descubrindo cousas que os fará sospeitar que algo raro está pasando e un tremendo medo comeza a penetrar nas súas vidas. Unha novela de intriga e medo, cun final diferente e inesperado.



Penúltimas tendencias

Carlos Negro. Xerais.

Proba a poesía directa de Carlos Negro. Xa o fixera en Makinaria, e volve a conseguilo nesta obra: conectar con emocións, sentimentos, cuestionar o que parece evidente, rebuscar na alma e atopar algunhas respostas. E moitas preguntas.



El sueño de Berlín

Ana Alonso, Javier Pelegrín. Anaya.

Unha historia de amor e superación. Ana, unha rapaza con TOC (trastorno obsesivo compulsivo) e Bruno, o seu compañeiro de clase que fai todo o posible para que a súa amiga consiga algún dos seus soños.



Todas las hadas del reino

Laura Gallego. Montena.

Un libro cheo de maxia, Camelia é unha fada madiña que leva trescentos anos axudando a aspirantes a heroes. A súa maxia e enxeño nunca fallou pero a cousa empeza a complicarse cando lle encomendan a Simón un mozo de cuadra que necesita a súa axuda desesperadamente.



LIBROS INFANTÍS E XUVENÍS DE COÑECEMENTOS

Busca los animales acuáticos

Pere Rovira, ilustracións de **Francisco Arredondo**. Susaeta.

Un título máis desta colección para aprender e gozar buscando numerosos animais, persoas e obxectos que se agochan nas sorprendentes ilustracións.



Emilia Pardo Bazán. Unha nena seducida polos libros

María Xosé Queizán, ilustracións de **Ana Santiso**. Xerais

A autora convidanos a percorrer a época en que viviu Emilia Pardo Bazán e achéganos a súa vida e obra dunha maneira sinxela e entretida. Incluíndo unha cronoloxía e unha escolma de textos que completan a súa biografía.



El gato y el pájaro: Paul Klee

Géraldine Elschner, ilustracións de **Peggy Nille**. Juventud.

Partindo dunha idea de Paul Klee arredor da relación entre gatos e paxaros, as autoras desenvolven unha historia con remate optimista e gran contido estético.



Henri Matisse

Patricia Geis. Combel.

A colección ¡Mira qué artista! achéganos este libro dedicado a un dos pintores que cambiou o rumbo da pintura do século XX. Cunha linguaxe clara e amena, coñece as claves do autor de cadros como A danza, O cuarto vermello, etc.



Nelson Mandela

Kadir Nelson. Juventud.

Biografía para un público infantil do artifice do final do apartheid, Nelson Mandela, que transmite un sentimento de esperanza e nobreza e mostra a forza e integridade do ser humano ante situacións extremas.



Pequeño gran chef: 64 recetas mediterráneas saludables y divertidas para niños y niñas

Marian Montoro. Ilustracións de **Mar Ferrero.** Juventud.

Receitas sinxelas e divertidas para iniciar os máis pequenos/as no mundo da cociña. O libro está dividido en catro seccións que corresponden a cada unha das estacións do ano. Cada unha presenta os produtos da tempada e os pratos que se poden elaborar. Con moitas fotos para seguir correctamente as instrucións.



Princesas, piratas y Cía. 24 disfraces para niños de 3 a 8 años

Annabel Bénilan. Larousse.

Este é un libro para aforrar e gozar á vez. Conta con 24 disfraces infantís, bonitos e de fácil confección e cos correspondentes patróns a tamaño natural.



Pulseras de gomitas: 35 fantásticos proyectos para hacer y regalar

Lucy Hopping. Juventud.

Está de moda e esperta paixóns. Todo o mundo loce estas pulseiriñas manufacturadas. É unha actividade ideal para facer cos amigos ou coas amigas e intercambiar modelos. Neste libro poderás aprender a facer moitos deles!



¿Qué harías con una cola como ésta?

Steve Jenkins, Robin Page. Juventud.

Libro de coñecementos para os/as máis cativos/as, con estupendas ilustracións. En forma de preguntas e respostas ("¿Qué harías con unos ojos como éstos?", "¿Qué harías con unas orejas como éstas?"), os/as pequenos/as coñecerán curiosidades de moitos animais.



DVD INFANTIL E XUVENIL

Arriety y el mundo de los diminutos

Dirixida por **Hiromasa Yonebayashi**. Animación. Aurum.

Os diminutos viven baixo o chan dunha casa de campo e para evitar desaparecer non poden ser vistos nunca polos humanos. Cando o mozo Sho se muda a esa casa, encontrárase accidentalmente con eles.

Outra produción do Estudio Ghibli (*Mi vecino Totoro*) que gañou o premio á mellor película de animación que outorga a Academia Xaponesa.



El corazón del roble

Dirixida por **Ricardo Ramón e Ángel Izquierdo**. Animación. Karma Films.

Os dragóns, fadas e as demais criaturas máxicas retíranse ao Outeiro do Dragón para vivir en paz, lonxe do alcance dos humanos, pero estraños sucesos están a modificar drasticamente o clima, poñendo en perigo a súa supervivencia. Robin é un elfo gardabosques que intentará descubrir cal é a causa do mal.

Animación española con clara mensaxe ecoloxista.



El origen de los guardianes

Dirixida por **Peter Ramsey**. Animación. Dreamworks.

Sombra, o espírito dos pesadelos, quere roubarlles ás nenas e aos nenos as súas esperanzas e os seus soños. Pero Jamie segue crendo na maxia e xunto a catro lendarios Gardiáns loitará para defender un mundo no que perviva a inocencia e a imaxinación infantil.

Historia inspirada nos libros de William Joyce e en *“Los vengadores”*, a película de superheroes de Josh Whedon.



Percy Jackson y el mar de los monstruos

Dirixida por **Thor Freudenthal**. Protagonizada por **Logan Lerman, Brandon T. Jackson e Alexandra Daddario**. Twentieth Century Fox Home Entertainment España.

Cíclopes, minotauros, furias e demais figuras da mitoloxía grega materialízanse no mundo real a través das aventuras do mozo Percy Jackson, fillo de Poseidón e unha mortal. Nesta ocasión viaxará a través do Mar dos Monstros co obxectivo de encontrar o Carneiro Dourado para restablecer a orde no Campamento Mestizo, morada dos seus amigos semideuses.

Segunda adaptación cinematográfica da serie literaria creada por Rick Riordan.



BANDA DESEÑADA INFANTIL E XUVENIL

Asterix e os pictos

Texto de **Jean-Yves Ferri**, ilustracións de **Didier Conrad**. Baseado na obra de **Goscinny e Uderzo**. Xerais.

Novas andanzas de Asterix e Obelix nesta ocasión na afastada Caledonia, a Escocia romana.



Marcopola. A illa remeira. Dragoneta

Jacobo Fernández Serrano. Xerais.

Terceira entrega da serie de banda deseñada infantil na que o alquimista Brisgovius deu coa apócema máxica para que a malvada Demoneta se transforme nun ser invencible.



El misterio de la gran pirámide

Edgar P. Jacobs. Norma.

Coñece ao profesor Mortimer e ao capitán Blake, unha das parellas de aventureiros máis famosas do mundo do cómic de aventuras.



¡Nos vamos a Tokio Charlie Brown!

Charles M. Schulz. Kraken.

Acompaña a Charlie Brown, Snoopy e os seus amigos na súa viaxe a Tokio para xogar un importante partido de béisbol.



Los pitufos negros

Texto de **Yvan Delporte**, ilustracións de **Peyo**. Norma.

As adorábeis criaturas azuis convértense en seres negros! Poderán os pitufos poñer solución a esta temíbel praga?




ÁLBUM ILUSTRADO PARA COMPARTIR

Ícaro

Federico Delicado. Kalandraka.

O VII Premio Internacional Compostela de álbums ilustrados achéganos unha provocadora historia sobre a liberdade e a capacidade de soñar.



Malena en el espejo

Elena Ferrándiz. Thule.

Malena comeza unha viaxe cara ao seu interior, na procura daqueles sorrisos que lle permitirán afrontar os seus medos, as súas inseguridades.



Pánico no bosque dos corazóns murchos

Jack Mircala. Bulubú.

Unha das primeiras obras, ademais de inédita, do gran artista que é o madrileño Jack Mircala. Presenta un mundo melancólico e gótico con historias dun gran lirismo dramático que entronca co estilo de Tim Burton ou Poe.



Si yo fuese un libro

Texto de **José Jorge Letria**, ilustracións de **André Letria.** Juventud.

Unha invitación chea de suxestións para achegarnos ao máxico mundo do libro e á lectura.



Y despiertas mientras hilan las mariposas

Texto de **Nina da Lua**, ilustracións de **Joana Santamans.** Comanegra.

Rosabella esperta arrodada de bolboretas nun mundo máxico onde terá que desvelar un enigma sobre a propia vida.



Mozas/os e Adultas/os

OBRAS LITERARIAS

28 días

David Safier. Seix Barral.

28 foron os días que resistiron os guerrilleiros da resistencia xudía dentro do gueto de Varsovia fronte aos soldados das SS na Segunda Guerra Mundial. Co exterminio sistemático como pano de fondo, Mira, unha adolescente xudía, afronta unha madurez precoz. Despois de presenciar a morte da súa familia e amigos, decide integrarse neste grupo da resistencia.



La biblioteca del capitán Nemo.

Olov Enquist. Nórdica.

O mesmo día, na mesma sala do hospital, dúas mulleres da mesma aldea deron a luz a un neno. Seis anos máis tarde descubriuse que houbo unha confusión, un intercambio.



A boneca de Blanco Amor.

María Xosé Queizán. Galaxia.

A Esmorga de Blanco Amor é o fío desta novela que mestura literatura, historia e ciencia. Unha nova achega dunha das mellores escritoras galegas actuais.



Contos do mar de Irlanda.

Xurxo Souto. Xerais.

Andanzas dos mariñeiros galegos polos mares do mundo.



La delicadeza

David Foenkins. Seix Barral.

Nathalie é unha moza fermosa e discreta, felizmente casada con François. Un día, el sae a correr e é atropelado. Pouco despois morre. Por esta causa, ela céntrase no seu traballo, dedícalle todas as súas horas. Pero cando menos o espera, volve a namorarse... Fermosa historia, que nos fala de emocións e sentimentos, de non perder nunca a esperanza, de que volver a sorrir é posible, de que hai que aproveitar eses pequenos momentos que moitas



vezes nos ofrece a vida.

Levada ao cine, a película está dirixida polo propio autor e polo seu irmán Stéphane.

Desaprendizajes

Caballero Bonald. Seix Barral.

Noventa e un poemas en prosa dun dos escritores españois máis importantes.



Faneca brava

Manuel Portas. Xerais.

Fernando pescuda na vida da prima Concha, sobre quen a familia garda un intrigante silencio.



La felicidad conyugal

Lev Tolstói. Acantilado.


Fermosa historia sobre o amor e o matrimonio a través da relación entre un home adulto e unha moza de 18 anos, na que podemos ver a mestría deste autor.



Hombres buenos

Arturo Pérez-Reverte. Alfaguara.

A finais do século XVIII, dous membros da Real Academia Española viaxan a París para mercar a Encyclopédie que estaba prohibida en España, pero unha serie de intrigas de persoas que non queren que esta obra chegue a España, converterán esta viaxe nunha auténtica aventura chea de sobresaltos. Novela ben documentada que mestura ficción e historia.



La hondonada

Jhumpa Lahiri. Salamandra.

Trata de dous irmáns indios de caracteres opostos, pero sumamente próximos na súa infancia, aos que a vida e as circunstancias separan. O máis vello emigra a Estados Unidos para doutorarse, mentres que o outro é asasinado na India pola súa militancia nun movemento político extremo, nos anos 60. Este feito trágico devolve ao irmán á casa, onde se sente desarraigado e faise cargo da viúva do seu irmán.



El lector del tren de las 6.27

Jean-Paul Didierlaurent. Seix Barral.

Guibrando traballa de operario da STRN (Sociedade de Tratamento e Reciclaxe Natural), encargado de manexar a trituradora de libros, a Zerstor 500, máis coñecida como "A cousa", un traballo que por outra banda, non o motiva para nada. As follas soltas que quedan entre os dentes da máquina recítaas en voz alta aos adurmiñados viaxeiros do tren das 6.27 da mañá. Unha narración realmente insólita mestura de humor negro e dozura, na que un tropel de personaxes grises, de incomprendidos, galopan nun arco da vella vital que os impulsa cara á felicidade.



El leopardo

Jo Nesbo. Random House.

O inspector Harry Hole investiga o cruel asasinato de varias mulleres, tras os que parece estar un asasino en serie.



Las luminarias

Eleanor Catton. Siruela.

Unha historia chea de intrigas ambientada na Nova Zelanda do ano 1866, durante a Febre do Ouro, que foi merecedora do Man Booker Prize 2014.



Máscaras rotas para Sebastián Nell

Alberto Ramos. Galaxia.

Sebastian Nell, un sir británico que durante a súa vida se dedicou ao cine e ao teatro, concede a derradeira entrevista á xornalista Rebeca Graham. Premio García Barros 2014.



Oso, mamá, si?

María Lado. Xerais.

Poemario coa maternidade como pano de fondo.



París 2041

Ezequiel Szafir. Ediciones B.

No ano 2041, tras unha década de depresión económica, Europa está dividida e en mans de ditadores fascistas. Membros da nova Resistencia francesa loitan contra un réxime totalitario que lembra ao pasado nazi.



La puerta abierta

Hellen Keller. Plataforma.

Ata os sete aos viviu na escuridade total, nun estado semisalvaxe, do que a apartou a paciencia de Anne Sullivan, a educadora que se encargou dela e que cambiou o seu destino ata convertela nunha escritora e activista famosa.



A segunda lingua

Yolanda Castaño. Visor Libros.

Poemario que reflexiona sobre a escritura con fórmulas estilísticas innovadoras e unha linguaxe con diversos rexistros idiomáticos. Premio de poesía Fundación Novacaixagalicia.



También esto pasará

Milena Busquets. Anagrama.

A autora revisa neste libro a relación coa súa nai, a que fora escritora e editora Esther Tusquets.



Tes ata as 10

Francisco Castro. Galaxia.

Ao día seguinte de morrer seu pai, Antonio recibe un correo electrónico que supostamente lle remite el. Unha obra de misterios e vinganzas desde o Más Alá.



Tortilla Flat

John Steinbeck. Ed. Acento.

Nos anos inmediatamente posteriores a I Guerra Mundial a vida pendencieira de borracheiras, xogo e mulleres de Danny e os seus colegas parece que toma un novo rumbo cando este herda unha casa.



Vestido de novia

Pierre Lemaitre. Alfaguara.

Sophie ten unha vida feliz, parella, un bo traballo, pero, de repente, sen saber como, comeza a perder cousas, esquece citas, esquece o que fixo o día anterior, comete roubos aínda que non os lembre, convértese nunha muller psiquicamente desequilibrada, e o peor, ao seu redor empeza a aparecer xente morta... Algo está a ocorrer.



Un viaje a la India

Gonçalo Tavares. Seix Barral.

Novela en verso que nos fala de Bloom e a súa viaxe á India (pasando antes por Londres, París, Viena e Praga) escapando da súa Lisboa natal despois de cometer un terrible crimen.



A vinganza do difunto

Carlos G. Reigosa. Xerais.

Volve o detective Nivardo Castro, contratado por un rico nonaxenarigo vigués que teme ser vítima dunha vinganza en relación cuns feitos que tiveron lugar na súa cidade durante a II Guerra Mundial.



O violín de Rembrandt

Jorge Llorca. Xerais.

Cun humor fresco, esta novela reflicte ambientes sociais de pequenas cidades. XXXI Premio Blanco Amor.



Y las montañas hablaron

Khaled Hosseini. Salamandra.

A decisión dunha humilde familia de dar unha filla en adopción a un rico matrimonio é a base da que parte toda a obra, que comeza nunha pequena e remota aldea de Afganistán, pero que despois pasará a Kabul, París e San Francisco.

Unha novela coral que nos fala da relación entre irmáns, pero tamén entre pais e fillos.

Veremos como moitos destes personaxes sofren remordementos por feitos que aconteceron no pasado e a través deles iremos coñecendo a dureza da súa existencia e o difícil que é, para algunhas familias, sobrevivir en Afganistán.



Zapatillas rotas

Xabier Quiroga. Xerais.

Obra sobre a busca da identidade protagonizada por un ancián que marcha dun xeriátrico. Fala dos valores desta sociedade, do que é esencial e que moitas veces pasa desapercibido e do que é frívolo que, en cambio, sole ter éxito. Premio da Crítica 2014 na categoría de narrativa en galego.



BANDA DESEÑADA

El árabe del futuro

Riad Sattouf. Salamandra.

Relebranzas da infancia do autor Riad Sattouf, criado entre o mundo occidental e o oriental. Premio ao mellor álbum no último festival de Angoulême.



El castillo

Texto de **David Zane Mairowitz**, ilustracións de **Jaromír 99**, adaptación dunha novela de **Franz Kafka**. Nórdica Cómics.


Unha novela gráfica en inquietante branco e negro que consegue recrear a atmosfera opresora da inacabada obra de Franz Kafka.



Destino Hergüß

Manel Cráneo. Demo Editorial.

Novela gráfica de aventuras para un público xuvenil ou adulto ambientada no Planeta Mincha, protagonizada por Pichük e Tombö, o primeiro é o nexo de unión coa serie Diario de Pichük, tamén ilustrada por Cráneo.



Largo Winch

Ilustracións de **Philippe Francq**, texto de **Jean Van Hamme**. Norma.

Tras morrer o seu pai adoptivo, Largo Winchponse á fronte do imperio financeiro Grupo W e intentará descubrir quen está detrás da estraña morte do seu pai.



LIBROS DE COÑECEMENTOS

A procura da poesía. Vida e obra de Luz Pozo Garza

Aurora López e Andrés Pociña. Alvarellos.

Excelente obra sobre unha das poetas máis destacadas da literatura galega actual. Complétase cunha antoloxía poética, unha selección de fotografías e ilustracións, xunto con opinións da propia escritora.



Bibliotecarias e bibliotecarios "infames"

Francisco Xavier Redondo Abal. Liaovento.


Ensaio histórico sobre a represión franquista en Galicia contra bibliotecarios/as e arquivistas/as da II República comprometidos co proceso de alfabetización da poboación e o achegamento á cultura da lectura a través de diversas iniciativas.



Cociñando con Benigno Campos

Benigno Campos. Galaxia.

Un novo libro do integrante de A cociña dos Larpeiros. Receitas doadas e tradicionais para realizar calquera día do ano nas nosas casas.



La economía de las desigualdades: como implementar una redistribución justa y eficaz de la riqueza

Thomas Piketty. Anagrama.

O autor mostra como aumentou a desigualdade durante as últimas tres décadas, a causa de diferentes reformas impositivas que beneficiaron os sectores máis ricos da sociedade, e propón novas ideas sobre como elixir as mellores ferramentas de redistribución da riqueza.



Falando Claro: A historia do anarquista Claro José Sendón Lamela

Pepe Sendón. Alvarellos.

Obra que ilustra a figura do anarquista Claro José Sendón Lamela. Transitarase pola Semana Tráxica arxentina, polos anos 20 neiorquinos, polo Crack de 1929 e a posterior Gran Depresión, pola II República española, por diferentes episodios do anarquismo galego, polos días previos á sublevación militar e, finalmente, pola Guerra Civil española.



Fortaleza emocional

Tomás Navarro. Planeta.

Como podemos aprender a utilizar os recursos psicolóxicos que temos para enfrontarnos ás adversidades que nos atopamos ao longo da vida.

Libro de auto-axuda a través de consellos e casos reais.



Galicia: un pobo con futuro? O noso devalo demográfico

Edición de Manuel Blanco Desar. Xerais.

Na actualidade morren máis galegos dos que nacen, e con ese déficit vital o país vai esmorecendo.



Guía de vinos, destilados y bodegas de Galicia 2015

Luis Paadín. Servino Consulting.

Guía de recomendacións de viños, bodegas e destilerías galegas realizada polo coñecido catador e sumiller, Luis Padín.



Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega

Coordinadora **Blanca-Ana Roig Rechou.** Xerais.

Percorrido historiográfico no que se describen as distintas etapas existentes na constitución do sistema literario infantil e xuvenil galego, atendendo aos factores e axentes que propiciaron a súa conformación e asentamento e á análise das obras dos xéneros literarios canónicos.



Medo político e control social na retagarda franquista

Lucio Martínez Pereda. Xerais.

O proceso represivo, non interrompido ao final da guerra, provocou que o medo e a vontade de sobrevivir se convertesen nunha forma de xerar pasividade que permeabilizou socialmente a violencia política entre amplas capas da sociedade galega.



A memoria esquecida: peladas, presas, paseadas

Servicio Galego de Igualdade.

Un xeito de recuperar a memoria de todas esas mulleres que viviron os horrores dunha guerra fratricida, a represión da posguerra, a tristeza do exilio como unha forma de recoñecemento de todo aquilo que lles foi arrebatado.



La mirada de Ángel: diario de la madre de un niño con autismo

María Luisa Fernández. Ediciones del Viento.

Un libro que nace, segundo palabras da autora, pola necesidade de sacar fóra os seus sentimentos e comunicarse co seu fillo con autismo.



Paco de Lucía, el hijo de la portuguesa

Juan José Téllez. Planeta.

Relato da vida do famoso guitarrista flamenco.



Ramón Otero Pedrayo: Unha fotobiografía 1888-1976

Edición de **Patricia Arias Chachero e Afonso Vázquez Monxardín.** Fundación Otero Pedrayo.

Magnífica obra, con numerosas fotografías e documentos gráficos, sobre a vida do patriarca, profesor, escritor e intelectual Don Ramón Otero Pedrayo.



Los ritos sociales de la Galicia tradicional: nacimiento, matrimonio, herencias y estamentos

Adriana R. Eiroa, Raquel G. Amarelle e Rebeca Caneda. Ea editorial.

Estudo dos costumes da sociedade galega do XIX e primeira metade do XX, tendo a familia como centro.



Rosalía Mera: el hilo suelto

Xabier R. Blanco. La Esfera de los Libros.

Biografía da cofundadora de Zara, desde os seus humildes orixes, pasando por como se fraguou o imperio téxtil, ata o remate da súa vida.



Sala de espera

José Luis Sampedro. Plaza & Janés.

Vivencias e reflexións recollidas por José Luis Sampedro nos seus últimos anos.



La salud como negocio

Coordinador Pablo Vaamonde. Laivento.

Unha obra que pretende denunciar o que están realizando os gobernantes coa sanidade, executando un implacable desmantelamento para convertela en obxecto de negocio.



El síndrome de Rebeca: guía para conjurar fantasmas amorosos

Carmen Posadas. Planeta.

Con humor, este libro axudaranos a esquecer as pantasma amorosas do pasado, a non comparalos coas novas relacións e non ter celos dos antigos amores das nosas parellas.



O soño galego de Julio Cortázar

Francisco X. Fernández Naval. Linteo.

Libro editado coma homenaxe polo seu centenario. Achéganos á relación que tivo Cortázar con Galicia e o mundo dos galegos.



Vintage: 30 pasteles de inspiración vintage

Zoe Clark. Juventud.

Dez titoriais para a realización de preciosos pasteis, cupcakes...etc, cun toque vintage.



Amanece en Edimburgo

Dirixida por **Dexter Flechter**. Protagonizada por **Peter Mullan, Antonia Thomas, Jason Flemyng**. Filmax Home Vídeo.

Tamén dispoñible en Blu-Ray.

Adaptación cinematográfica da obra teatral musical "Sunshine on Leith". Un xogo de amor desenvolvido a tres bandas no que están envoltos Davy e Ally, dous amigos escoceses recentemente licenciados no exército que tratan de adaptarse á vida civil con bastantes dificultades.



Blue Jasmine

Dirixida por **Woody Allen**. Protagonizada por **Cate Blanchett, Alec Baldwin, Sally Hawkins**. **Warner Bros.** Entertainment España.

Tamén dispoñible en Blu-Ray.

Jasmine é unha muller cuxo obxectivo foi casarse con alguén adinerado para gozar dunha luxosa vida e con ela achegarse á alta sociedade. Tras atoparse sen diñeiro e sen casa, só lle queda vivir baixo as aparencias e o desexo de alcanzar novamente unha vida que xa non lle pertence.



En la casa

Dirixida por **François Ozon**. Protagonizada por **Fabrice Luchini, Ernst Umhauer, Kristin Scott Thomas**. **Cameo Media**.

Un profesor de literatura francesa falto de entusiasmo polo escaso interese do seu alumnado, descobre, asombrado, nun deles un sorprendente talento literario, a través dunha serie de relatos nos que trata de entrar na intimidade da familia dun compañeiro de clase.



Gravity

Dirixida por **Alfonso Cuarón**. Protagonizada por **Sandra Bullock e George Clooney**.

Warner Bros. Entertainment España.

Tamén dispoñible en Blu-Ray.

Dous astronautas vense envoltidos nun desastre durante un paseo espacial rutineiro. Convertidos en náufragos, a angustia, a desesperación e a loita ante a adversidade fará que se aferren á vida con cada vez menos posibilidades de sobrevivir.



Invasor

Dirixida por **Daniel Calparsoro**. Protagonizada por **Alberto Ammann, Antonio de la Torre, Karra Elejalde**. Paramount Spain.

Tras sufrir un atentado nunha misión de paz en Irak, un médico militar español négase a aceptar a versión oficial dos feitos enfrontándose ao silencio cómplice das autoridades e dos seus propios compañeiros. Algunhas localizacións desta película foron filmadas na costa coruñesa.



El mayordomo

Dirixida por **Lee Daniels**. Protagonizada por **Forest Whitaker, Oprah Winfrey, David Oyelowo**. Aurum.

Tras perder o seu pai a mans do patrón da súa plantación de algodón en Xeorxia durante os anos 20, o pequeno Cecil aprende as tarefas e funcións de mordomo. Tres décadas despois entrará ao servizo da Casa Branca, onde coñecerá ata oito presidentes norteamericanos e vivirá de cerca a loita pola igualdade e os dereitos humanos.



Presentimientos

Dirixida por **Santiago Tabernero** e baseada na novela de Clara Sánchez. Protagonizada por **Eduardo Noriega, Marta Etura, Irene Escolar**. Cameo Media.


A procura do amor perdido a través do retrato dunha parella vinda a menos que trata de afastarse da súa rutina mediante unha escapada á praia. Tras verse envoltos nun accidente, comeza unha mutua procura nunha paisaxe descoñecida que os obrigará a tomar importantes decisións. Unha complexa reflexión sobre o amor e as relacións de parella como institución, sobre a fidelidade e o desexo.



Lúas de outubro e agosto

Guadi Galego. Fol Música.

A cedeirá toma unha nova dirección na súa andaina musical internándose no pop, presentando esta colección de temas propios cun nexo común, a muller e a tradición matriarcal galega. Proposta de gran calado entre o público tal e como o demostran as tres mil copias vendidas en apenas dous meses.



Rústica

Cristina Pato, Davide Salvado, Anxo Pintos e Roberto Comesaña. Fol Música.

Disco a oito mans e oito temas tradicionais que mestura a mestría da artista Cristina Pato e o cancionero de vila recompilado por Davide Salvado a través de sons de gaita, acordeón, zanfona, pandeiros e a propia voz. Definido pola propia artista como "unha carta de amor" supón a celebración do 15 aniversario da súa carreira.



Serendipia

Nani García Trío. Xingra.

Segundo traballo no formato de trío de jazz clásico con piano liderada polo veterán músico e compositor coruñés Nani García. Jazz expresivo e comfortable de vena introspectiva e romántica, melancólica e meditativa que fará as delicias de quen se achegue por vez primeira a este estilo como á parroquia máis esixente do xénero.





Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística

www.oleiros.es



Bibliotecas Públicas
Municipais

Premio Nacional María Moliner 2011

Visita o noso blog:

<http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>

Síguenos en twitter @bibloleiros

**CATÁLOGO DO FONDO
BIBLIOGRÁFICO ▼**

<http://bmpg.rbgalicia.org/oleiros>